

Xoves, 28 de novembro de 2019

Núm. 229

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****NIGRÁN****Outros documentos, notificacións e informacións públicas***CALENDARIO FISCAL EJERCICIO 2020***CALENDARIO FISCAL 2020**

Vistos os artigos 34 e 62.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e artigo 24 do RD 939/2005 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, e co fin de poñer a disposición dos contribuíntes coa antelación suficiente, a información necesaria para cumprir coas súas obrigas tributarias e fiscais, procede fixar os prazos de pagamento do período voluntario de cobranza para os tributos de cobro periódico e de notificación colectiva sobre os que o Concello de Nigrán exerce as competencias de xestión e recadación.

A tal efecto, RESOLVO:

Primeiro.-Aprobar o Calendario fiscal do contribuínte para o exercicio 2020, consonte ós prazos sinalados no seguinte cadro:

TRIBUTO	PERÍODO VOLUNTARIO DE COBRANZA		DATA DE CARGO DOMICILIADOS ⁽¹⁾
	Data inicio	Data fin	
Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica	01/04/2020	01/06/2020	11/05/2020
Taxa pola Entrada de Vehículos a través de beirarrúas	01/06/2020	31/07/2020	10/07/2020
Taxa pola Recolleita do Lixo	01/09/2020	02/11/2020	09/10/2020
Taxa polos servizos de subministración de auga, saneamento e depuración:			
1º trimestre	01/04/2020	01/06/2020	11/05/2020
2º trimestre	01/07/2020	31/08/2020	10/08/2020
3º trimestre	01/10/2020	30/11/2020	10/11/2020
4º trimestre	04/01/2021	04/03/2021	10/02/2021

(1) Data de cargo en conta para os recibos con orde de domiciliación bancaria

Segundo.-Proceder á súa difusión mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na Sede Electrónica do Concello, para xeral coñecemento.

O alcalde

